



Parques Naturais

Douro Internacional--Las Arribes del Duero

(Miranda do Douro. Salamanca)

29, 30, 31 de marzo, 1 de abril de 2018

PROGRAMA

Quinta feira/xoves 29

9h. **Partida.** O punto de encontro será Pontareas; saída 294 da A52.

Parque Natural Douro Internacional

12,30h. **Ruta "As Arribas do Douro"**

Ruta linear. 6Km

Dificultade. baixa

Altitude. 660m-740m

As touzas e a vexetación asociada de primavera, o voitre leonado, a ocupación milenaria do territorio, e os fermosos cortados graníticos sobre o Douro catalogan esta ruta de Interese histórico-cultural, paisaxístico, botánico, faunístico e xeomorfolóxico. Dado que é doado ver avifauna, é recomendábel o uso de prismáticos para o seu descubrimento.

18h. **Chegada e hospedaxe.**

Sexta feira/venres 30

Parque Natural Arribes del Duero

9,30h. **Ruta "O pozo dos lirios".**

Ruta circular. 9Km

Dificultade. Baixa-moderada

Altitude. 478m-700m

Unha ruta completa. Así, o que comeza cunha paisaxe plenamente rural, onde pracidamente campan as oliveiras, amendoeiras e viñedos, dá paso a outra máis abrupta, esgrevia, na que as fervezas, a visión dos abraiantes canóns do Uces, o bosque mediterráneo húmido en encostas e os voitres leonados amósanse plenamente. Fonte de lecer e de coñecemento.

16,30h-17,30 **Visita á marmeladaría artesanal Oh Saúco!**

Utilizando froitas e hortalizas locais e de estación, especias variadas e bagas silvestres, Teresa crea a marca Oh Saúco!, unha coqueta marmeladaría artesanal na que o melón, as cereixas, o sabugueiro, a cabaza, o xenxibre, o limón ou o chocolate forman parte da deliciosa variedade de marmeladas, chutneis ou confeituras coas que chuchar nos dedos. Remata a visita, tras nos ensinar os procesos de produción, cunha degustación dos seus produtos.

16,30h-17,30h **Visita á Adega La Setera**

Outro proxecto local e familiar que se basea na produción limitada de viño das Arribes, feito coa variedade de uva Juan García das súas propias viñas, e un recoñecido queixo de cabra dos recursos gandeiros da comarca. Ensinaranos a adega e a queixaría xunto dos seus procesos de produción. E haberá unha pequena degustación.

18,30h **Descanso**

Sábado 31

Parque Natural Arribes del Duero

10h **Ruta "Os camiños de Unamuno"**

Ruta linear. 13Km Dificultade. Baixa-moderada Altitude. 478m-700m

A ruta combina tramos do planalto das Arribes, o bosque mediterráneo húmido, ecosistemas agro-silvo-pastorís en harmonía coa terra e as arribes máis pronunciadas do Douro. Envolveranos o aroma no ambiente pois aparecen a arzaia, a esteva, os xenebreiros, o tomiño,...

Durante o percorrido... "Poesía das amendoeiras" (Miguel Hernández, López Baeza, Rubén Darío) e texto de Miguel de Unamuno.

17h. **Descanso**

Domingo 1

9,30h **Visita ao Museo etnográfico Andrés Vaquero (Aldeadávila)**

Unha peculiaridade no universo dos museos etnográficos pois, situado nas antigas escolas de Aldeadávila, a representación dos costumes das Arribes visualízase a través de dez esculturas novidosas e moi interesantes.

Parque Natural Douro Internacional

11,30h. **"Paseo "Meandros das Arribes" (Miranda do Douro)**

Ruta linear. 5Km Dificultade. baixa Altitude. 640m-700m

Paseo que reúne algúns dos valores do río Douro ao seu paso polos dous parques naturais mais neste caso, co engadido de ver este gran río encaixado en meandros.

15,30h **Partida**